

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*ORDE do 24 de xullo de 2017 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.*

Mediante a Orde do 10 de maio de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 96, do 22 de maio, corrección de erros DOG do 29 de maio) convocouse o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación, 2/2006, do 3 de maio, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Logo de realizada a valoración inicial pola comisión de selección, publicouse no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o baremo provisional dos méritos e a relación provisional de persoas excluídas e a causa da súa exclusión. Logo de revisadas as reclamacións presentadas, con base no disposto polo artigo 7 da citada convocatoria,

**DISPOÑO:**

Primeiro. Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 8 da citada orde, as persoas seleccionadas deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2017, en réxime de comisión de servizos por un período de un ano e ata un máximo de seis, e con reserva do posto de traballo de orixe.

Terceiro. Contra esta orde, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administra-



cións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

### ANEXO

Apelidos e nome	DNI	Denominación da praza
Arroyo Sánchez, Pedro José	33832777F	1. Coordinador/a de Escolarización da Poboación Marxinada
García Turnes, Sabela	44808484E	2. Secretaría Xeral para o Deporte
Pía Castiñeira, Pablo Antonio	76411378L	2. Secretaría Xeral para o Deporte
Díaz Núñez, Antonio Rodrigo	32639502H	6. Procesos de Producción Agraria-CIFP Santiago
Doce Caruncho, Juan Carlos	32673186F	6. Procesos de Producción Agraria-CIFP Santiago
Rial Budiño, José Manuel	33253315F	6. Procesos de Producción Agraria-CIFP Santiago
Engroba Sal, Marina	33861767V	6. Operacións de Producción Agraria-CIFP Santiago
Cerviño Varela, José María	35313686S	7. Asesor/a Abalar de Zona. Pontevedra
Franco Arias, Jesús Emilio	33305932T	7. Asesor/a Abalar de Zona. Ortigueira
García Gómez, Manuel Ángel	52434420D	7. Asesor/a Abalar de Zona. Carballo
Gil Sánchez, Ramón Luis	32767084L	7. Asesor/a Abalar de Zona. Betanzos
González Quintana, Alejandro	01107281S	7. Asesor/a Abalar de Zona. Ourense
Martínez Rama, Óscar	76813247D	7. Asesor/a Abalar de Zona. A Pobra
Medina Méndez, Ana María	36127242S	7. Asesor/a Abalar de Zona. Lugo
Santos Pérez, Patricia	32834107C	7. Asesor/a Abalar de Zona. A Coruña
Pereira Lemos, Olalla	53167565Y	8. Asesor/a Abalar Xade
Méndez Cancio, Javier	33309382T	9. Asesor/a Abalar Soporte Usuarios
Mourón Regueira, José Enrique	79314057Y	10. Asesor/a Abalar Sistemas Educación
Figueroa Rodríguez, M. Antonio	76993904R	11. Asesor/a Abalar Estadísticas Educativas
Agruña López, Margarita	33310898K	12. Atención Hospitalaria-Lugo
Nieto Molares, María del Mar	36075705K	12. Atención Hospitalaria-Vigo

